XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Camballón
IES MARCO DO CAMBALLÓN

Rúa O Camballón, 24
36590 VILA DE CRUCES (Pontevedra)
☎ 986582251 FAX 986582530
email: ies.marco.camballon@edu.xunta.es
Web:http://centros.edu.xunta.es/iesmarcocamballon

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2022-2023

# MÚSICA 2º ESO LOMCE

## I.E.S. "MARCO DO CAMBALLÓN"

## VILA DE CRUCES

# Índice de contido


- Introdución e contextualización
  - ✔ Introdución
  - ✔ Membros do Seminario, Grupos e Contexto Socioeducativo
  - ✔ O Currículo na LOMCE
- As competencias clave: contribución ao seu desenvolvemento
- Os obxectivos da ESO
  - ✔ Obxectivos da Área de Música na ESO
- Concreción da Temporalización do Grao mínimo de consecución e dos procedementos e instrumentos de avaliación e do peso para cada estándar de aprendizaxe avaliable
- Concrecións metodolóxicas
- Materiais e recursos didácticos
- Criterios de avaliación e cualificación do alumnado
  - ✔ Avaliación por Competencias. Rúbricas
  - ✔ Porcentaxes de participación do Seminario de Música na Avaliación por Competencias.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- Tratamento do fomento da lectura e das TIC
- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. programa de reforzo e recuperación
  - ✔ Recuperación ao longo do curso
  - ✔ Plan de reforzo para materias pendentes de superación
  - ✔ Probas Extraordinarias durante o periodo de reforzo final
- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- Medidas de atención á diversidade.
- Programación de temas transversais
- Actividades extraescolares e complementarias
- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. avaliación da programación
- Información ao alumnado
- Adaptación da Programación polo Covid19
- Lexislación vixente

# I. Introdución e contextualización

## ➢ Introdución

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis

para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

## Membros do Seminario, Grupos e Contexto Socioeducativo

No ano académico 2022-2023 este Departamento de Música vai estar constituído soamente por un membro: Rubén Noguerol Gómez. Este profesor será o encargado de impartir docencia nos dous grupos de 2º ESO e nos dous grupos de 3º da ESO. Para completar o seu horario impartirá as materias de TIC en 4º ESO e o módulo de Ciencias Aplicadas de FP Básica II.
Entre o alumnado que cursará este ano na ESO hai que indicar que hai varios alumnos-as que xa tocan algún instrumento (vento madeira e metal) por formar parte das Bandas do concello ( Merza e Ponteledesma principalmente).
Un par de puntos a salientar son que O IES Marco do Camballón de Vila de Cuces é un centro situado no pequeno núcleo urbano dun concello eminentemente rural que non chega aos 6.000 habitantes (5.246 no ano 2019). A maioría do alumnado pertence a clases sociais medias e baixas. Con respecto á música, neste concello hai unha gran tradición representada polas súas bandas, en particular pola Banda de Merza e a de Ponteledesma, na cal se forman ou estudan algúns e algunhas estudantes do Instituto.

## O Currículo na LOMCE

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, deulle unha nova redacción ao artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo estará integrado por:

- **Os obxectivos** de cada ensinanza e de etapa educativa; referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- **As competencias**, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa,

e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos;

- **Os contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias;
- **A metodoloxía didáctica**, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes. Son o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.
- **Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliables**; especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- **E os criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

# II. As competencias clave: contribución ao seu desenvolvemento

As competencias clave do currículo recollidas no decreto 86/2015 no seu artigo 3 son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia-tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Na Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, descríbense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Os perfís de competencias:

| COMPETENCIA | Indicador | Descritores |
|---|---|---|
| **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** | Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos | - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.<br>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.<br>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.<br>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura. |
| | Vida saudable | - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.<br>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable. |

| | | |
|---|---|---|
| | A ciencia no día a día | - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).<br>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. |
| | Manexo de elementos matemáticos | - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.<br>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.<br>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática. |
| | Razoamento lóxico e resolución de problemas | - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.<br>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.<br>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. |
| **Comunicación lingüística** | Comprensión: oral e escrita | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Manter unha actitude favorable cara á lectura. |
| | Expresión: oral e escrita | - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.<br>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario. |

| | | |
|---|---|---|
| | Normas de comunicación | - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas. |
| | Comunicación noutras linguas | - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.<br>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.<br>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.<br>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas. |
| **Competencia dixital** | Tecnoloxías da información | - Empregar distintas fontes para a busca de información.<br>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.<br>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. |
| | Comunicación audiovisual | - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.<br>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación. |
| | Utilización de ferramentas dixitais | - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.<br>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.<br>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. |

| | | |
|---|---|---|
| **Conciencia e expresións culturais** | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.<br>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.<br>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico. |
| | Expresión cultural e artística | - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.<br>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.<br>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. |
| **Competencias sociais e cívicas** | Educación cívica e constitucional | - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.<br>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. |
| | Relación cos demais | - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.<br>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.<br>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. |
| | Compromiso social | - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.<br>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.<br>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.<br>- Involucrarse ou promover accións cun fin social. |

| | | |
|---|---|---|
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** | Autonomía persoal | - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.<br>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.<br>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.<br>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. |
| | Liderado | - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.<br>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.<br>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais. |
| | Creatividade | - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.<br>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.<br>- Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian. |
| | Emprendemento | - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.<br>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.<br>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.<br>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo. |
| **Aprender a aprender** | Perfil de aprendiz | - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...<br>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.<br>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. |
| | Ferramentas para estimular o pensamento | - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...<br>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. |

| | | |
|---|---|---|
| | Planificación e avaliación da aprendizaxe | - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.<br>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |

Na táboa recollida abaixo aparecen detalladas as contribucións de cada obxectivo, de cada contido e dos estándares de aprendizaxe ás distintas competencias clave. Obviamente a competencia clave que máis se vai fomentar será a da Conciencia e Expresión Cultural, o cal non significa, nin moito menos, que se desatendan as outras.

Para a **avaliación por competencias**, temos introducido en todos os departamentos rúbricas específicas de cada unha das competencias que se incorporan no apartado de criterios de avaliación e cualificación.

Mediante traballo de grupo e por consenso de todos os departamentos, perfiláronse esas rúbricas para incorporalas á avaliación.

Cada materia ten asignada unha porcentaxe de participación na nota que obterá cada alumno-a en cada competencia (Ver Apartado de Criterios de Avaliación e Cualificación)

# PROGRAMACIÓN PARA 2º DE ESO

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ m | ▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ g | ▪ B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>▪ B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | ▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado | ▪ CAA |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d | aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>▪ B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>▪ B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br>▪ B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>▪ B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. | ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da | ▪ CSC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | |
| | | | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>▪ B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | ▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | ▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | ▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ a | ▪ B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | ▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | ▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | ▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, | ▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo | ▪ CSC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | analizar as súas causas e propor solucións. | indiscriminado de música. | |
| | | | ▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | ▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | ▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | ▪ CCEC |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | ▪ B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | ▪ CCEC |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.<br>▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. | ▪ B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | ▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | ▪ B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | ▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | ▪ CCL |
| | | | ▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ n<br>▪ l | ▪ B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | ▪ B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo | ▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música | ▪ CD |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | |
| | | | ▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>▪ B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.<br>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | ▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | ▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD |

# III. **Os obxectivos da ESO**

No artigo 10 do Decreto 86/2015 faise mención aos obxectivos desta etapa educativa cando se di:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdadede trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha
sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo,como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e

saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Na táboa que aparece no apartado anterior pódense ver os obxectivos que se traballan cos distintos contidos

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA NA ESO

1. Interpretar en grupos cancións ou coreografías a través da descodificación de partituras ou grafías non convencionais.
2. Contribuír ao desenvolvemento musical da comunidade educativa, participando en actuacións, ensaios e outros medios de difusión da música.
3. Desenvolver a capacidade compositiva a través de diferentes técnicas e recursos.
4. Coñecer as distintas profesións que rodean a creación, a edición e a difusión musical.
5. Utilizar a audición e a análise de partituras, textos ou musicogramas como medios para a análise e a descrición dos distintos xéneros musicais.
6. Xerar un criterio crítico á hora de comprender e analizar os distintos xéneros musicais.
7. Manexar a linguaxe técnica apropiada na análise de obras e situacións musicais.
8. Clasificar as obras musicais segundo o seu tempo, época ou cultura, estilo e autor, mostrando respecto polos distintos xéneros e ampliando as súas preferencias.
9. Dirimir a función da música en cada contexto.
10. Coñecer e respectar o patrimonio musical español e contribuír á súa conservación e transmisión.
11. Valorar as distintas manifestacións musicais como fonte de enriquecemento musical.
12. Extrapolar o coñecemento da música para expresarse a través doutras manifestacións artísticas.
13. Descubrir a singularidade da música e as tendencias actuais.
14. Recoñecer o papel das tecnoloxías na transmisión, a modernización e a formación musical.
15. Utilizar distintas técnicas de rexistro e gravación musical como medio para evidenciar os avances musicais.
16. Recoñecer a importancia da música nos medios de comunicación.
17. Optimizar o uso de ferramentas tecnolóxicas aplicadas á música.

## IV. Concreción da Temporalización, do Grao mínimo de consecución, e dos procedementos e instrumentos de avaliación e do peso para cada estándar de aprendizaxe avaliable

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E PESO DOS ESTÁNDARES | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | 2º ESO Música 2022-2023 | | |
| **NIVEL** | 2º SECUNDARIA OBRIGATORIA | **ÁREA** | Música (MU) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MU-B1.1 | 2º-MUB1.1.1 - Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.<br><br>Peso: 2.44% | Coñece os catro parámetros e sabe que mide cada un e como se reflicten na partitura | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado. (30%) Resolución de exercicios e problemas (20%).Rúbrica (50%) | CCEC<br>CCL |
| MU-B1.1 | 2º-MUB1.1.2 - Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.<br><br>Peso: 2.44% | Emprega os compases básicos binarios, ternarios e cuaternarios e le ritmos sinxelos neles | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Cuestionarios. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. (30%) Cuestionario pechado.(30%) Diario de clase e Rúbrica (40%) | CMCT<br>CCEC |
| MU-B1.1 | 2º-MUB1.1.3 - Identifica e transcribe | Transcribe ditados rítmicos moi sinxelos nos compases básicos | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática. | CMCT<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias<br><br>Peso: 2.44% | | | | | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. (30 %) . Rúbrica (40 %) | |
| MU-B1.2 | 2º-MUB1.2.1 - Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br><br>Peso: 2.44% | Identifica as notas musicais en clave de sol, as figuras musicais e as súas relacións. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado (20%). Proba obxectiva (70%). Caderno de clase (10 %). | CCEC |
| MU-B1.3 | 2º-MUB1.3.1 - Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.<br><br>Peso: 2.44% | Intenta crear ,interpretar ou improvisar frases musicais sinxelas sobre unha base (rítmico-harmónico) ou patrón dado | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións musicais. (50%) Diario de clase. (50%) | CAA<br>CCEC |
| MU-B1.3 | 2º-MUB1.3.2 - Utiliza os elementos e os recursos adquiridos | Participa na creación de novas pezas musicais ou de adaptacións | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Observación sistemática. | CAA,<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.<br><br>Peso: 2.44% | | | | | INSTRUMENTOS: Producións musicais. (50%) Diario de clase. (50%) | |
| MU-B1.4 | 2º-MUB1.4.1 - Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos<br><br>Peso: 2.44% | Coñece os instrumentos principais das familias e a súa técnica básica. Coñece o funcionamento da voz e as súas partes básicas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.(40%) Investigacións (20%). Exposición dun tema. (40%) | CAA<br>CCEC |
| MU-B1.4 | 2º-MUB1.4.2 - Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br><br>Peso: 2.44% | Ser quen de entoar sen complexos algunha das cancións traballadas na aula | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. (50%). Diario de clase. (50%) | CCEC |
| MU-B1.4 | 2º-MUB1.4.3 - Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br><br>Peso: 2.44% | Traballa adecuadamente nas sesións de canto seguindo as pautas e directrices sinaladas polo profesor | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CCEC |
| MU-B1.4 | 2º-MUB1.4.4 - Adquire e aplica as habilidades técnicas e | Ter un nivel mínimo no manexo e técnica dos instrumentos usados na aula e da súa propia | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br><br>Peso: 2.44% | voz | | | | INSTRUMENTOS: Diario de clase. (20%) Proba obxectiva. (80%) | |
| MU-B1.4 | 2º-MUB1.4.5 - Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.<br><br>Peso: 2.44% | Controla as súas emocións nas exposicións públicas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Exposición dun tema (60%). Posta en común. (40%) | CCEC CAA |
| MU-B1.5 | 2º-MUB1.5.1 - Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.<br><br>Peso: 2.44% | Participa na creación e improvisación de pezas musicais, tanto individualmente como en grupo | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. .<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CCEC CAA |
| MU-B1.5 | 2º-MUB1.5.2 - Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.<br><br>Peso: 2.44% | Respecta os traballos e creacións musicais dos compañeiros-as e non se rende ante as dificultades da creación e expresión artístico-musical | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.(100%) | CSIEE |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MU-B1.6 | 2º-MUB1.6.1 - Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.<br><br>Peso: 2.44% | Interpreta cun mínimo de musicalidade as pezas traballadas en clase | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Gravacións e análise. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. ( 80%) Diario de clase. (20%) | CCEC |
| MU-B1.6 | 2º-MUB1.6.2 - Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.<br><br>Peso: 2.44% | Interpreta cun mínimo de musicalidade as pezas traballadas en clase | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Gravacións e análise. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (80%). Diario de clase. (20%) | CCEC |
| MU-B1.6 | 2º-MUB1.6.3 - Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.<br><br>Peso: 2.44% | Respecto ás intervencións dos compañeiros-as | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase (100%). | CSC |
| MU-B1.6 | 2º-MUB1.6.4 - Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as | Coñece e respecta as pautas de dirección e interpretación do profesor e dos seus compañeiros-as | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br><br>Peso: 2.44% | | | | | | |
| MU-B1.6 | 2º-MUB1.6.5 - Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.<br><br>Peso: 2.44% | Participa adecuadamente seguindo as directrices do profesor nas prácticas instrumentais e vocais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CSIEE |
| MU-B2.1 | 2º-MUB2.1.1 - Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.<br><br>Peso: 2.44% | Coñece os timbres principais das cinco familias de instrumentos e os timbres das voces humanas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. (100%) | CCEC |
| MU-B2.1 | 2º-MUB2.1.2 - Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da | Coñece os timbres dos instrumentos básicos do noso folclore e da música popular urbana | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. (100%) | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.<br><br>Peso: 2.44% | | | | | | |
| MU-B2.2 | 2º-MUB2.2.1 - Segue partituras como apoio á audición.<br><br>Peso: 2.44% | É quen de seguir partituras fáciles de instrumentos solistas, agrupacións de cámara ou de orquestra mentres se reproduce a audición ou se interpreta | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (80%). Diario de clase. (20%) | CCEC |
| MU-B2.3 | 2º-MUB2.3.1 - Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.<br><br>Peso: 2.44% | Respecta o silencio á hora das interpretacións e das audicións. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CSC |
| MU-B2.4 | 2º-MUB2.4.1 - Describe os elementos das obras musicais propostas.<br><br>Peso: 2.44% | É quen de analizar os elementos básicos dunha peza musical (rexistro, ritmo, melodía, textura...) | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (60%). Diario de clase. (20%) Investigacións (20%) | CCLCC EC |
| MU-B2.4 | 2º-MUB2.4.2 - Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.<br><br>Peso: 2.44% | Segue as directrices marcadas para facer unha análise musical de partituras e/ou audicións | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (70%). Diario de clase (30 %) | CCEC |
| MU-B2.4 | 2º-MUB2.4.3 - Emprega conceptos musicais para | Emprega adecuadamente o vocabulario musical traballado en clase | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.<br><br>Peso: 2.44% | | | | | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (60%). Diario de clase (20%). Exposición dun tema. (20%) | |
| MU-B2.5 | 2º-MUB2.5.1 - Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.<br><br>Peso: 2.44% | Reflexiona adecuadamente sobre o fenómeno musical do noso tempo | | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común (20%). Textos escritos (40%). Investigacións. (40%) | CSC |
| MU-B2.5 | 2º-MUB2.5.2 - Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.<br><br>Peso: 2.44% | Investiga sobre a contaminación acústica na sociedade occidental: causas, consecuencias e solucións. O alumno-a terá que saber definir o problema e as posibles solucións | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións (50%). Proba obxectiva. (50%) | CSIEE<br>CD |
| MU-B3.1 | 2º-MUB3.1.1 - Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.<br><br>Peso: 2.44% | Participa na interpretación e creación de sinxelas coreografías | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CCEC |
| MU-B3.1 | 2º-MUB3.1.2 - Distingue as diversas | Coñece as funcións da música na sociedade | X | X | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | funcións que cumpre a música na nosa sociedade.<br><br>Peso: 2.44% | | | | | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.(50%) Investigacións(50%) | |
| MU-B3.2 | 2º-MUB3.2.1 - Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.<br><br>Peso: 2.44% | Actitude aberta e respectuosa ante os distintos xéneros musicais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. (100%) | CCEC |
| MU-B3.3 | 2º-MUB3.3.1 - Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.<br><br>Peso: 2.44% | Coñece e respecta o patrimonio musical galego e español | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Exposición dun tema. (50%) Investigacións(50%) | CCEC |
| MU-B3.3 | 2º-MUB3.3.2 - Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.<br><br>Peso: 2.44% | Interpreta cun mínimo de musicalidade as pezas traballadas en clase | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva(80%) Diario de clase. (20%) | CCEC |
| MU-B3.3 | 2º-MUB3.3.3 - Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | Recoñece os principais instrumentos do folclore galego e español e sinala as súas características básicas | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Exposición dun tema (20%) e Investigacións (205). Proba obxectiva. (60%) | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 2.44% | | | | | | |
| MU-B3.3 | 2º-MUB3.3.4 - Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.<br><br>Peso: 2.44% | Coñece os cancioneiros básicos do patrimonio musical galego e traballa na recopilación de pezas musicais na súa contorna | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións (50%). Entrevista (20%). Gravación e análise (30%) | CSIEE<br>CCEC |
| MU-B3.4 | 2º-MUB3.4.1 - Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais<br><br>Peso: 2.44% | Usa adecuadamente o vocabulario musical aprendido na aula | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.(70%) Diario de clase. (30%) | CCL |
| MU-B3.4 | 2º-MUB3.4.2 - Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.<br><br>Peso: 2.44% | Expresa o seu xuizo musical por escrito e oralmente cun mínimo de rigor. | X | X | X | PROCEDEMENTOS:Probas específicas. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.(70%) Diario de clase. (30%) | CCL |
| MU-B3.5 | 2º-MUB3.5.1 - Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas | Investiga sobre distintas tendencias e estilos musicais e presenta ante os compañeiro-as as súas indagacións e reflexións | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións (40%). Exposición dun tema (40%). Proba obxectiva | CD |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.<br><br>Peso: 2.44% | | | | | (20%) | |
| MU-B3.5 | 2º-MUB3.5.2 - Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.<br><br>Peso: 2.44% | Actitude aberta e receptiva ante os distintos estilos musicais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase (70%). Investigacións (30%) | CAA |
| MU-B4.1 | 2º-MUB4.1.1 - Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br><br>Peso: 2.44% | Coñecer e empregar as distintas aplicacións ou programas traballados na clase. Traballar coas plataformas educativas propostas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (40%). Diario de clase. (60%) | CD |
| MU-B4.1 | 2º-MUB4.1.2 - Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.<br><br>Peso: 2.44% | Coñece e sabe empregar as diversas ferramentas traballadas na aula para o proceso de gravación e produción musical | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase (80%) Proba obxectiva. (20%) | CD<br>CSIEE |
| MU-B4.2 | 2º-MUB4.2.1 - Utiliza | Emprega as fontes e os | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | CD |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.<br><br>Peso: 2.44% | métodos propostos para facer traballos de investigación musical | | | | alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións.(60%) Diario de clase. (40%) | |

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

# V. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica neste etapa será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Neste sentido teremos en conta a diversidade do alumnado, atendendo ás necesidades de cada un dos alumnos-as e poñendo en práctica as medidas de reforzo que se precisen para un correcto proceso de aprendizaxe.

Traballaremos todas as competencias clave sinaladas con anterioridade, fomentando a súa adquisición e o seu desenvolvemento.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente. Neste sentido establécese un libro de lectura para 2º da ESO, adicando un tempo de lectura individual e en grupo ao longo de distintas sesións de clase ou fragmentos delas.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Empregaremos neste sentido as posibilidades que nos ofrece a nosa Aula Virtual e a plataforma Moodle, as ferramentas dixitais que nos ofrece a Consellería así como a GSuite de Google (Classroom...) o uso de blogs, de podcasts, de Youtube (creación de contas e de listas de reprodución...), etc

Procurarase o traballo coordinado con outros departamentos didácticos do centro co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, programando conxuntamente actividades complementarias e extraescolares, procurando abordar a mesma temática dende as distintas disciplinas (programación por proxectos) e traballando conxuntamente coa biblioteca do centro e cos proxectos que se leven a cabo dende ela.

Empregaranse metodoloxías como: tormenta de ideas -*Brainstorm*- (moi adecuada como introdución ás unidades didácticas); traballos individuais e/ou en grupo sobre distintos contidos das unidades, coa exposición e presentación oral deses traballos coa axuda das tecnoloxías adecuadas (fomentaranse as habilidades dialécticas do alumnado e, por tanto, a competencia lingüística); explicacións do profesor dende o plano teórico e práctico dos distintos conceptos musicais (ritmo, harmonía, interpretación, creación, etc.); traballo coas novas tecnoloxías da

información e da comunicación aplicadas á música (procesamento, almacenamento e transmisión de datos musicais); aplicación de xogos musicais para asentar determinados conceptos da linguaxe musical, valéndonos para elo de programas musicais e dalgunhas páxinas web interesantes (www.musycom.com, www.teoria.com *...);* aplicaranse metodoloxías xa recoñecidas no ámbito educativo musical, como o método Bapne, método Kodaly, etc

Daquela, para desenvolver as capacidades que presenta o alumnado de secundaria sempre se terán presentes as seguintes metodoloxías:

* Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
* Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
* Fomentar a formulación de hipóteses.
* Buscar, seleccionar e tratar a información.
* Fomentar a confrontación clara e respectuosa
* Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
* Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
* Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
* Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
* Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

## VI. Materiais e recursos didácticos

Para o traballo diario da clase o alumnado debe dispoñer do material proposto polo profesorado: caderno de apuntes, caderno pautado, frauta… Este ano académico o alumnado de 2º da ESO non terá libro de texto pois a materia de Música incorpórase ao proxecto EdixGal, polo que todo o alumnado disporá dun portátil para o seu uso individual. O alumnado terá que recoller tamén fichas e fotocopias cando así o indique o

profesor, fichas que deberá incorporar ao seu material de aula, podéndoselle solicitar en calquera momento do curso. Tamén haberá na aula de Música e na Biblioteca do centro libros de texto, libros de consulta e dicionarios que poderán consultar

A aula de música conta cun reprodutor de discos compactos e cunha pequena fonoteca de clásicos e música popular. Ademais existe un reprodutor de DVD e algunhas películas musicais. A aula conta tamén cun ordenador portátil, cun proxector coa súa pantalla, unha mesa de mesturas, unha etapa de potencia, dous altofalantes e dous micrófonos.

Existen frautas doces a disposición do alumno así como outros idiófonos e membranófonos. Entre os cordófonos a aula conta con dúas guitarras clásicas (unha delas amplificada), unha acústica (amplificada), un ukelele (amplificado), unha guitarra eléctrica, dous teclados, unha gravadora dixital, micrófonos dinámicos e de condensador e auriculares. Tamén se dispón de distintos tipos de cables de audio
No centro contamos ademais con tres salas de ordenadores con conexión a internet e canón.

## VII. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Estes criterios estarán enfocados a avaliar os coñecementos e os contidos asimilados polo alumnado ao longo do curso, ademais da actitude e do traballo diario. A nota da avaliación trimestral será o resultado da correcta asimilación destes contidos, das capacidades e competencias básicas acadadas polo alumno, así como o esforzo realizado na súa procura. Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe recorrerase ás probas escritas, probas obxectivas, terase presente o diario de clase coas anotacións do profesor sobre os progresos, traballo e resultados do alumnado, ademais da observación directa diario dos esforzos e das actividades musicais que se fagan na aula durante o trimestre. Para facer isto de xeito adecuado as primeiras sesións adicaranse a coñecer o nivel medio da clase, para desta maneira partirmos dun nivel adecuado ao grupo.

Así, o criterio de cualificación será a suma ponderada das medias dos resultados do alumnado nos diferentes instrumentos de avaliación empregados para avaliar os estándares de aprendizaxe: 35% Expresión musical, 55% Media ponderada dos instrumentos de avaliación

empregados para os EA concretos durante cada un dos trimestres ( aquel estándar que supere en ponderación aos demais será motivado polo tempo adicado na aula e a importancia que se lle outorgara), 10% Probas escritas sobre o libro de lectura obrigatorio

55% Media dos instrumentos de avaliación empregados para os EA concretos :

Faremos as probas escritas oportunas para avaliar os estándares de aprendizaxe da maneira máis obxectiva posible. Do mesmo modo, observaremos o traballo do alumnado, a súa actitude ao mesmo tempo que se propoñerán exercicios, actividades, traballos realizados polo alumno a proposta do profesor para avaliar os distintos estándares de aprendizaxe. (Ver apartado IV)

10% Libro de lectura obrigatorio:

Todo o alumnado deberá ler o libro proposto conforme as pautas de lectura que se irán indicando ao longo de cada un dos trimestres. Farase unha proba por escrito para avaliar a comprensión e a lectura crítica do texto. Para que esta proba pode facer media coas demais seccións da avaliación trimestral haberá que obter unha cualificación mínima de 3.5. A persoa que quede por debaixo do 3.5 pero que coa avaliación do resto das partes obteña media superior a 4.5 obterá automaticamente unha cualificación de 4, tendo que recuperar soamente a parte da lectura para poder recuperar a avaliación en cuestión.

Cada alumno-a terá que ter o seu exemplar de lectura (libro en papel, e-book...). Os alumnos que non veñan a clase co seu exemplar os días sinalados serán penalizados negativamente, de xeito que aqueles que viñeran máis de dúas veces por trimestre sen o exemplar perderán por cada falta 0.25 puntos da nota acadada na proba de lectura correspondente. É dicir: un alumno cun 7 na proba de lectura, pero con 3 faltas perdería 0.75 puntos do 7 obtido na proba, quedando cun 6.25.

35 % Expresión Musical: ver estándares de aprendizaxe MUB1.6.1 e MU B1.6.2:

Para cualificar a Expresión musical (vocal -10%- e instrumental -25%-) iremos avaliando as participacións e interpretacións do alumnado

ao longo da avaliación.

**Nota importante**: no novo contexto de normalización tralas restricións derivadas do protocolo anticovid de cursos pasados, a avaliación desta parte volverá a realizarse na propia aula. Excepcionalmente, permitirase que ao alumnado ao que se lle vexan graves atrancos á hora da interpetación en directo, poida entregar os vídeos das súas interpretacións gravados na súa casa. Esa entrega farase vía Aula virtual ou vía Classroom segundo se vaia indicando ao longo do trimestre. O alumnado será oportunamente instruído sobre como facelo e se farán simulacións de entregas de interpretacións. De todos os xeitos, no seu momento, irase indicando para cada peza a interpretar o procedemento específico para a avaliación

Ao final de cada trimestre o alumnado será avaliado das pezas ensaiadas e practicadas durante a avaliación, e será cualificado segundo a rúbrica seguinte:

| **EXPRESIÓN MUSICAL (35%=25%+10%)** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Indicador** | Entre 0 e 1 | Entre 1 e 2 | Entre 2 e 3 | Entre 3 e 4 | Entre 4 e 5 | Peso |
| Expresión instrumental | Non é quen de interpretar as pezas propostas e ensaiadas na aula. | Interpreta algunha das pezas propostas pero faino con pouco sentido musical. Outras pezas non é quen de executalas | Interpreta todas as pezas propostas aínda que comete erros melódicos, rítmicos e de musicalidade que poder ser tan abundantes e básicos como para desvirtuar a peza | Interpreta todas as pezas e aínda que comete erros puntuais faino con sentido musical, con bo criterio rítmico e melódico | Interpreta as pezas ensaiadas sen erros destacables e faino aportando musicalidade e expresión moi persoal e gusto artístico. | 25% s/total |
| Expresión vocal ( Canto coral-individual) | Non é quen de interpretar as pezas propostas e ensaiadas na aula. | Interpreta algunha das pezas propostas pero faino con moitas dificultades de entoación | Interpreta todas as pezas propostas aínda que comete erros de entoación, melódicos, rítmicos e de musicalidade que poden ser tan | Interpreta todas as pezas e aínda que comete erros puntuais de entoación, melódicos, rítmicos e/ou de expresión musical, pero faino con sentido musical, sen perder o sentido | Interpreta as pezas ensaiadas sen erros destacables e faino aportando musicalidade e expresión moi persoal e gusto artístico. | 10% s/total |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | musical. Outras pezas non é quen de executalas | abundantes e básicos como para desvirtuar a peza | rítmico e melódico a peza | | |

Neste apartado poderá obter un máximo de 10, que ponderará ao 35%.

Para acadar o aprobado (4,5) facendo media entre as partes, o alumno-a nunca poderá obter en máis dunha delas unha nota inferior a 3.5. Dado o caso dun alumno que obteña de media unha nota igual ou superior ao 4,5 pero con dúas ou máis partes valoradas por debaixo do 3.5, ese alumno-a sempre acadará un 4 como nota da avaliación correspondente. Neste caso ese alumno-a só tería que recuperar a parte-s que teña valorada-s por debaixo do 3.5 **Nota importante**: o alumnado que teña unha parte da avaliación ou estándar de aprendizaxe valorado cun 0 quedará sempre cun 4 como nota máxima na avaliación.

A nota que levará no boletín será redondeada co seguinte criterio:

**1** cando obteña menos de 1,5
**2** cando obteña entre 1,5 e 2,5
**3** cando obteña entre 2,5 e 3,5
**4** cando obteña entre 3,5 e 4,5
**5** cando obteña entre 4,5 e 5,5
**6** cando obteña entre 5,5 e 6,5
**7** cando obteña entre 6,5 e 7,5
**8** cando obteña entre 7,5 e 8,5
**9** cando obteña entre 8,5 e 9,5
**10** cando obteña entre 9,5 e 10

Resumindo:

Nota Avaliacións:

- 55% Resultados avaliación dos EA
- 35% Expresión Musical
- 10% Libro lectura

A **Nota Final da Avaliación Ordinaria** acadada por cada un dos alumnos será a obtida ao facer a seguinte media: 1º Trimestre= 33 %, 2º Trimestre= 33%, 3º Trimestre= 34%. A este respecto as notas de cada trimestre non serán as redondeadas que aparecen no boletín trimestral do alumno, senón as que obran no caderno de notas do profesor redondeadas a dous decimais.

**Nota Avaliación Ordinaria Xuño**:

- 33% 1er Trimestre
- 33% 2º Trimestre
- 34% 3er Trimestre

**Nota importante**: A nota media final ponderada será igual ou distinta do que acade en cada unha das avaliacións, é dicir, non polo feito de aprobar a 3ª Avaliación ten que aprobar a Final, e viceversa, é dicir, polo feito de suspender a 3ª non ten por que suspender a Final.

O alumnado que empregue métodos fraudulentos nos exames (copiar por compañeiros, utilizar calquera método tecnolóxico ou artesanal de copia...) e sexa sorprendido no intento se lle anularán as preguntas obxecto de intento de copia. O resto das preguntas do exame se corrixirán normalmente. De intentar unha copia masiva das preguntas ou se non se pode adiviñar cales se intentaban copiar, ao alumno-a invitaráselle a que faga un novo exame. Por outra parte, se é posible comprobar que o alumno-a copiou sen ser sorprendido-a no momento, pero tendo probas suficientes para demostrarse, procederase a anular a pregunta que se considere "copiada". Isto aplicarase tanto nos probas específicas de avaliación, como nas probas e nos traballos individuais.

Por outra parte seguiremos aplicando o criterio común acordado polo claustro de descontar a partir da quinta falta ortográfica nas distintas probas e traballos presentados. Así, a partir da 5ª descontaremos 0.05 por cada catro faltas propias e 0.05 por cada dúas faltas copiadas.

## A- AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS.

# Rúbricas

Esta avaliación levarase a cabo en base as rúbricas elaboradas polo equipo de traballo interdepartamental do centro. As competencias finais de cada alumno-a avaliaranse en base ás notas acadadas por cada estudante nas materias e en base aos criterios de proporcionalidade entre materias establecidos polo equipo de traballo referido (esa proporcionalidade aparece reflectida nas táboas de abaixo)

As rúbricas elaboradas a aplicar este curso son as que seguen:

**RÚBRICA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

| | **EXCELENTE** (2-1,5 puntos) | **SATISFACTORIO** (1,5-1 puntos) | **BÁSICO** (1-0,5 puntos) | **ESCASO (0,5-0 puntos)** | **NOTA** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Harmonía coas compañeiras e compañeiros** (2 puntos) | **Sempre** traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. **Nunca** mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. **Nunca** usa linguaxe sexista e/ ou discriminatoria. **Sempre** respecta a diversidade. | **Case sempre** traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. **Case nunca** mostra actitudes sexistas nin discriminatorias . **Case nunca** usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese. **Case sempre** respecta a diversidade. | **Ás veces** traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiras/os pero prefire traballar só con parte deles/as. **Ás veces** mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. **Ás veces** usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria pero trata de autocorrixirse. **Ás veces** respecta a diversidade. | **Ten dificultades** para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. **Con frecuencia** mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. **Con frecuencia** usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e non trata de autocorrixirse. **Nunca ou case nunca** respecta a diversidade. | |
| **Interese e coidado do material** (2 puntos) | **Sempre** participa activamente nas actividades propostas. **Sempre** se interesa por manter en bo estado o material**,** propio e alleo, e respecta as normas de uso. | **Case sempre** participa activamente nas actividades propostas. **Case sempre** se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso. | **Ás veces** participa activamente nas actividades propostas. **Ás veces** interésase por manter en bo estado o material**,** propio e alleo, e respecta as normas de uso. | **Nunca ou case nunca** participa activamente nas actividades propostas. **Ten dificultades** para manter en bo estado o material, propio e alleo, e para respectar as normas de uso. | |
| **Utilización de valores** (2 puntos) | **Sempre** é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. **Sempre** cumpre as normas porque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución. **Sempre** adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. **Sempre** aplica hábitos de hixiene e saúde. | **Case sempre** é solidario/a e adoita ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. **Case sempre** cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrarse na súa solución. **Case sempre** adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. **Case sempre** aplica hábitos de hixiene e saúde. | **Ás veces** é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. **Ás veces** non cumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrarse na súa solución. **Ás veces** adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. **Ás veces** aplica hábitos de hixiene e saúde. | **Nunca ou case nunca** é solidario/a e ten dificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita **Nunca ou case nunca** respecta as normas e non adoita involucrarse na solución dos conflitos. **Nunca ou case nunca** adopta actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. **Nunca ou case nunca** aplica hábitos de saúde e hixiene. | |
| **Participación no grupo** (2 puntos) | **Sempre** participa activamente no traballo en grupo, implícase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. **Sempre** admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. **Sempre** respecta as quendas. | **Case sempre** participa no traballo en grupo, adoita implicarse na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente. **Case sempre** admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. **Case sempre** respecta as quendas. | Participa no traballo en grupo pero só **ás veces** se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Só **ás veces** admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolver conflitos se os hai. Só **ás veces** respecta as quendas**.** | **Nunca ou case nunca** participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente. **Nunca ou case nunca** admite nin respecta as opinións nin axuda a resolver conflitos. **Nunca ou case nunca** respecta as quendas. | |
| **Responsabilidade** (2 puntos) | **Sempre** cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas**.** **Sempre** é responsable á hora de traer o material necesario. | **Case sempre** cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. **Case sempre** é responsable á hora de traer o material necesario. | **Ás veces** non respecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas. **Ás veces** non é responsable á hora de traer o material necesario. | **Nunca ou case nunca** respecta os prazos nin realiza a maioría das tarefas. **Nunca ou case nunca** trae o material necesario. | |
| **ALUMNO/A:** | | | | **NOTA:** | |

**RÚBRICA DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER:**

| | **EXCELENTE** (2,5-2 puntos) | **SATISFACTORIO** (2-1,5 puntos) | **BÁSICO** (1,5-1 puntos) | **ESCASO** (1-0 puntos) |
|---|---|---|---|---|
| **Esforzo e actitude** (2,5 puntos) | Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria.<br>Sempre se interesa polas actividades da clase.<br>Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos. | Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria.<br>Case sempre se interesa polas actividades da clase.<br>Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esfórzase na comprensión de conceptos. | Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cústalle memorizar.<br>Ás veces interésase polas actividades da clase.<br>Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforza ás veces na comprensión de conceptos. | Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cústalle moito memorizar.<br>Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase.<br>Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos. |
| **Organización e planificación** (2,5 puntos) | Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos.<br>Sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. | Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos.<br>Case sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. | Ás veces comete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos.<br>Ás veces cústalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos secundarios. | Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos.<br>Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. |
| **Estratexias e xestión da aprendizaxe** (2,5 puntos) | Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendemento.<br>Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe. | Case sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendemento satisfactorio.<br>Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe. | Coñece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto.<br>Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe. | Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado.<br>Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe. |
| **Autonomía e capacidade de autoavaliación** (2,5 puntos) | Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas.<br>Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas. | Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas.<br>Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas. | Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas.<br>Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas. | Nunca ou case nunca avalía as súas producións.<br>Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para documentarse nin como apoio para realizar as tarefas. |

## RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

| | **EXCELENTE**<br>(2,5-2 puntos) | **SATISFACTORIO**<br>(2-1,5 puntos) | **BÁSICO**<br>(1,5-1 puntos) | **ESCASO**<br>(1-0 puntos) |
|---|---|---|---|---|
| **Respecto pola cultura**<br>(2,5 puntos) | Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.<br>Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implícase activamente cando corresponde. | Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.<br>Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa. | Ás veces mostra interese e respecto por  diferentes manifestacións artísticas e culturais.<br>Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse  nesta tarefa. | Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por  diferentes manifestacións artísticas e culturais.<br>Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio. |
| **Goce da cultura**<br>(2,5 puntos) | Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, entêndeas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.<br>Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc. | Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas,entêndeas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.<br>Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc. | Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas,pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos.<br>Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás. | Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos.<br>Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás. |
| **Participación**<br>(2,5 puntos) | Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. | Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. | Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. | Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. |
| **Habilidades creativas**<br>(2,5 puntos) | Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. | Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. | Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. | Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar algún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. |

# Rúbrica da Competencia DIXITAL (CD)

| | **EXCELENTE**<br>(2,5-2 puntos) | **SATISFACTORIO**<br>(2-1,5 puntos) | **BÁSICO**<br>(1,5-1 puntos) | **ESCASO**<br>(1-0 puntos) |
|---|---|---|---|---|
| **Fontes de informa-ción**<br><br>(2,5 puntos) | **Procura**información na rede demos-trando **habilidade** no seu filtrado.<br><br>**Extrae** a información precisa, esco-llendo con **criterio** o que realmente necesita.<br><br>**Procesa** a información e **manipúlaa** tratando de **evitar o copiado literal**. | **Procura**información na rede pero ten certa **dificultade no seu filtrado**.<br><br>**Extrae** a información precisa, aínda que ás veces **necesita axuda**.<br><br>**Procesa** a información e **manipúlaa**, pero non se preocupa por **evitar o co-piado literal**. | **Procura** información na rede **de formaguiada.**<br><br>**Non ten un criterio claro para ex-traer** a información precisa e nece-sita axuda constante.<br><br>Fai una **manipulación** da informa-ción moi **básica e cópiaa** toda ou case toda **de xeito literal**. | **Cústalle** moito a **procura** de in-formación na rede aínda que sexa de forma guiada.<br><br>**Non é capaz de extraer** da in-formaciónos **datos** que precisa.<br><br>**Non manipula nin procesa a información.** |
| **Capacidade para traballar coas TIC**<br>(2,5 puntos) | **Coñece e usa aplicacións** informáticas **axeitadas** á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos.<br>Manéxaas con **destreza** e crea documentos de **calidade**. | **Coñece e usa a maioría das aplicacións** informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos.<br>Manexa a maioría delas con **bastante destreza** e crea documentos dixitais dunha **calidade aceptable**. | **Coñece e usa só algunhas aplicacións** informáticas axeitadas para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos.<br>**Necesita bastante axuda** para manexalas e para que os documentos xerados sexan dunha **calidade mínima**. | **Non coñece nin usa as aplicacións máis comúns** axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e presentar os seus traballo.<br>**Necesita axuda constante** para o seu manexo e, mesmo de xeito guiado, produce documentos de **baixa calidade**. |
| **Linguaxe específica**<br>(2,5 puntos) | **Interpreta correctamente a sim-boloxía** propia das aplicacións infor-máticas, de modo que é capaz de iniciarse de forma **autónoma** no seu manexo. | **Interpreta correctamente a simbolo-xía** propia das aplicacións informáticas, **pero precisa de axuda** para iniciarse no seu manexo. | **Ten dificultades na interpreta-ción da simboloxía** propia das aplicacións informáticas e presenta dificultades para desenvolverse con elas, precisando de axuda. | **Non coñece a simboloxía** pro-pia das aplicacións informáticas e non é quen de utilizalas co-rrectamente aínda que sexa de forma guiada. |
| **Respecto no uso de recursos dixitais**<br>(2,5 puntos) | **Sempre inclúe** nas súas producións as referencias ás **fontes** utilizadas.<br><br>**Sempre respecta os principios le-gais e éticos** na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais. | **Case sempre inclúe**as referencias ás **fontes** utilizadas.<br><br>**Case sempre respecta os principios legais e éticos** na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais. | **Esquécese con frecuencia d**e fa-cer referencia ás **fontes** utilizadas.<br><br>**Hai que lembrarlle a cotío que respecte os principios legais e éticos** na utilización de fontes e/ou contidos. | **Non fai** referencias ás **fontes** utilizadas.<br><br>**Non amosa interese polo res-pecto aos principios legais e éticos** na utilización de fontes e/ou contidos, incumpríndoos intencionadamente. |

## B- Porcentaxes de participación do Seminario de Música na Avaliación por Competencias.

As porcentaxes de participación deste Seminario á hora de avaliar ao alumnado de 2º ESO por Competencias serán as oportunamente acordadas polo equipo interdepartamental, a saber (aparecen distintas táboas en función da optatividade do alumnado)

| | PORCENTAXES TENDO EN CONTA % DAS COMPETENCIAS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | **2º ESO** | CAA | CCEC | CCL | CD | CMCCT | CSC | CSIEE |
| | Ligua galega e lit. | 8.33 | 15 | 20 | 8 | 0 | 7 | 0 |
| | Lingua castelá e lit. | 8.33 | 15 | 20 | 8 | 0 | 7 | 10 |
| | Inglés | 8.33 | 5 | 15 | 8 | 0 | 4 | 0 |
| | Matemáticas | 8.33 | 0 | 3 | 4 | 46 | 3 | 0 |
| | Ed. Física | 8.33 | 15 | 3 | 4 | 0 | 14 | 35 |
| | Francés | 8.33 | 0 | 15 | 4 | 0 | 4 | 0 |
| | Física e química | 8.33 | 0 | 3 | 4 | 27 | 4 | 0 |
| | Xeografía e historia | 8.33 | 5 | 9 | 4 | 11 | 14 | 0 |
| | **Música** | **8.33** | **35** | **3** | **12** | **5** | **4** | **20** |
| | Tecnoloxía | 8.33 | 0 | 3 | 30 | 11 | 4 | 10 |
| | Relixión católica | 8.33 | 5 | 3 | 10 | 0 | 12 | 25 |
| | Igualdade de xénero | 8.33 | 5 | 3 | 4 | 0 | 23 | 0 |

| 2 | 2º ESO | CAA | CCEC | CCL | CD | CMCCT | CSC | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ligua galega e lit. | 8.33 | 12 | 20 | 8 | 0 | 8 | 0.00 |
| | Lingua castelá e lit. | 8.33 | 12 | 20 | 8 | 0 | 8 | 10.00 |
| | Inglés | 8.33 | 5 | 15 | 8 | 0 | 5 | 0.00 |
| | Matemáticas | 8.33 | 0 | 3 | 4 | 46 | 2 | 0.00 |
| | Ed. Física | 8.33 | 12 | 3 | 4 | 0 | 15 | 35.00 |
| | Francés | 8.33 | 0 | 15 | 4 | 0 | 4 | 0.00 |
| | Física e química | 8.33 | 0 | 3 | 4 | 27 | 6 | 0.00 |
| | Xeografía e historia | 8.33 | 5 | 9 | 4 | 11 | 15 | 0.00 |
| | **Música** | **8.33** | **30** | **3** | **12** | **5** | **6** | **20.00** |
| | Tecnoloxía | 8.33 | 0 | 3 | 30 | 11 | 6 | 10.00 |
| | Relixión católica | 8.33 | 5 | 3 | 10 | 0 | 16 | 25.00 |
| | Regueifa | 8.33 | 19 | 3 | 4 | 0 | 9 | 0.00 |

| 3 | 2º ESO | CAA | CCEC | CCL | CD | CMCCT | CSC | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ligua galega e lit. | 8.33 | 15 | 20 | 8 | 0 | 6 | 0.00 |
| | Lingua castelá e lit. | 8.33 | 15 | 20 | 8 | 0 | 6 | 15.00 |
| | Inglés | 8.33 | 5 | 15 | 8 | 0 | 4 | 0.00 |
| | Matemáticas | 8.33 | 0 | 3 | 4 | 41 | 0 | 0.00 |
| | Ed. Física | 8.33 | 15 | 3 | 4 | 0 | 15 | 38.00 |
| | Francés | 8.33 | 0 | 15 | 4 | 0 | 4 | 0.00 |
| | Física e química | 8.33 | 0 | 3 | 4 | 27 | 5 | 0.00 |
| | Xeografía e historia | 8.33 | 5 | 9 | 4 | 11 | 15 | 0.00 |
| | **Música** | **8.33** | **35** | **3** | **12** | **5** | **5** | **23.00** |
| | Tecnoloxía | 8.33 | 0 | 3 | 30 | 11 | 5 | 17.00 |
| | Valores éticos | 8.33 | 5 | 3 | 10 | 5 | 15 | 7.00 |
| | Igualdade de xénero | 8.33 | 5 | 3 | 4 | 0 | 20 | 0.00 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **4** | **2º ESO** | CAA | CCEC | CCL | CD | CMCCT | CSC | CSIEE |
| | Ligua galega e lit. | 9.09 | 15 | 25 | 9 | 0 | 7 | 0 |
| | Lingua castelá e lit. | 9.09 | 15 | 25 | 9 | 0 | 7 | 10 |
| | Inglés | 9.09 | 5 | 20 | 9 | 0 | 4 | 0 |
| | Matemáticas | 9.09 | 0 | 3 | 4 | 46 | 3 | 0 |
| | Ed. Física | 9.09 | 15 | 3 | 4 | 0 | 15 | 35 |
| | REFORZO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | Física e química | 9.09 | 0 | 3 | 4 | 27 | 4 | 0 |
| | Xeografía e historia | 9.09 | 5 | 9 | 4 | 11 | 15 | 0 |
| | **Música** | **9.09** | **35** | **3** | **13** | **5** | **4** | **20** |
| | Tecnoloxía | 9.09 | 0 | 3 | 30 | 11 | 4 | 10 |
| | Relixión católica | 9.09 | 5 | 3 | 10 | 0 | 13 | 25 |
| | Igualdade de xénero | 9.09 | 5 | 3 | 4 | 0 | 24 | 0 |
| | | | | | | | | |
| **5** | **2º ESO** | CAA | CCEC | CCL | CD | CMCCT | CSC | CSIEE |
| | Ligua galega e lit. | 9.09 | 12 | 25 | 9 | 0 | 8 | 0.00 |
| | Lingua castelá e lit. | 9.09 | 12 | 25 | 9 | 0 | 8 | 10.00 |
| | Inglés | 9.09 | 5 | 20 | 9 | 0 | 5 | 0.00 |
| | Matemáticas | 9.09 | 0 | 3 | 4 | 46 | 2 | 0.00 |
| | Ed. Física | 9.09 | 12 | 3 | 4 | 0 | 16 | 35.00 |
| | REFORZO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0.00 |
| | Física e química | 9.09 | 0 | 3 | 4 | 27 | 6 | 0.00 |
| | Xeografía e historia | 9.09 | 5 | 9 | 4 | 11 | 16 | 0.00 |
| | **Música** | **9.09** | **30** | **3** | **13** | **5** | **6** | **20.00** |
| | Tecnoloxía | 9.09 | 0 | 3 | 30 | 11 | 6 | 10.00 |
| | Relixión católica | 9.09 | 5 | 3 | 10 | 0 | 17 | 25.00 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Regueifa | 9.09 | 19 | 3 | 4 | 0 | 10 | 0.00 |
| **6** | | | | | | | | |
| | **2º ESO** | CAA | CCEC | CCL | CD | CMCCT | CSC | CSIEE |
| | Ligua galega e lit. | 9.09 | 15 | 25 | 9 | 0 | 6 | 0.00 |
| | Lingua castelá e lit. | 9.09 | 15 | 25 | 9 | 0 | 6 | 15.00 |
| | Inglés | 9.09 | 5 | 20 | 9 | 0 | 4 | 0.00 |
| | Matemáticas | 9.09 | 0 | 3 | 4 | 41 | 0 | 0.00 |
| | Ed. Física | 9.09 | 15 | 3 | 4 | 0 | 15 | 38.00 |
| | REFORZO | 0.00 | 0 | 0.00 | 0 | 0 | 0 | 0.00 |
| | Física e química | 9.09 | 0 | 3 | 4 | 27 | 5 | 0.00 |
| | Xeografía e historia | 9.09 | 5 | 9 | 4 | 11 | 15 | 0.00 |
| | **Música** | **9.09** | **35** | **3** | **13** | **5** | **5** | **23.00** |
| | Tecnoloxía | 9.09 | 0 | 3 | 30 | 11 | 5 | 17.00 |
| | Valores éticos | 9.09 | 5 | 3 | 10 | 5 | 15 | 7.00 |
| | Igualdade de xénero | 9.09 | 5 | 3 | 4 | 0 | 20 | 0.00 |

**Procedemento avaliación continua**

Temporalización, cualificación e ponderación das probas escritas? En función dos estándares traballados iremos facendo unha proba escrita por cada un deles ou por cada dous. Todos os estándares ponderarán por igual no apartado específico (55%) e se cualificarán sobre 10.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación e redondeo (ver páxina anterior)

# VIII. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

O profesor irá programando sesión a sesión a materia a impartir e o traballo que se vai levar a cabo. Irase cotexando a posible desviación entre o programado e o realmente feito, buscando os motivos de dicha desviación (variación realizadas nas actividades, problemas de tempo, ritmos propios de aprendizaxe,...). As anotacións feitas no día a día irán servindo para ir levando a cabo as oportunas correccións da programación ao ter que adaptala á realidade do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado en cuestión. Faremos que esta programación sexa sempre un ente vivo, revisable e renovable. Recollerase información do propio alumnado para obter conclusións construtivas que permitan valorar dende diferentes ópticas a programación didáctica e a súa aplicación.

Empregaremos as distintas sesións de departamento, de avaliación e CCP para ir tomando nota dos distintos factores que poden estar incidindo no proceso de ensino-aprendizaxe dos distintos alumnos-as e grupos. Manteremos tamén continuo contacto co departamento de Orientación para tratar de poñer remedio ás distintas desviacións que ese estean a dar nas aprendizaxes do alumnado e que transcendan máis alá do que atinxe a este departamento

Prestarase atención á porcentaxe de alumnos que nas distintas avaliacións queden coa materia pendente. Compararemos os resultados con anos anteriores e recolleranse, na memoria final, os aspectos máis relevantes das problemáticas que afecten á desviación da programación, plasmando os resultados das avaliacións ordinaria e extraordinaria.

En xeral, para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe teremos presente se o profesor:

- ✗ Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
- ✗ Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.

- ✗ Establece medidas que permitan introducir melloras.
- ✗ Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.
- ✗ Establece un adecuado ambiente de comunicación co alumnado que lle permita a este aclarar todo tipo de dúbidas
- ✗ Proporciona indicacións durante as interpretacións, realización de traballos, exercicios, gravacións...
- ✗ Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.
- ✗ Favorece os procesos de autoavaliación.
- ✗ Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✗ Informa con claridade e transparencia desde o principio de curso cales son os criterios de avaliación e de cualificación.
- ✗ Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.
- ✗ Fomenta un bo ambiente na aula
- ✗ Promove a participación activa do alumnado.
- ✗ Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.

- ✗ Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.
- ✗ Selecciona prácticas, traballos e actividades que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave

| 1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente | ESCALA | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | | | | |
| **Proceso de ensino:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

| **Práctica docente:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |

# IX. Tratamento do fomento da lectura e das TIC

Dende este Departamento se seguirá a colaborar coa Biblioteca e o Equipo Directivo de cara a continuar co proxecto de fomento da lectura. Neste sentido, o Seminario de Música participará en todos os niveis nos que se imparte docencia para, durante os períodos que lle correspondan, adicar 20 minutos á lectura individualizada por parte dos alumnos. O material de lectura que empregará o alumnado será algún libro ou material de lectura que terá que traer cada alumno-a

Ao longo do curso fomentarase o **hábito lector** entre alumnado, levando á aula todo tipo de documentos literarios referidos á música: críticas musicais de diferentes estilos, tanto pertencentes ao pasado como á actualidade, artigos de prensa e de revistas especializadas (tanto en formato impreso como dixital), novelas e contos de temática musical, biografías de músicos... Sobre estas lecturas traballarase a correcta interpretación e análise das ideas expresadas polo autor, debatendo sobre elas dende os coñecementos que xa deben ter adquiridos os alumnos. Tamén se proporán lecturas como método de introdución a unha unidade ou contido. Doutra parte, a lectura en voz alta axudará a entender e asimilar os conceptos básicos para a formación da voz humana, como a respiración, dicción, fonación, impostación...

Ademais será de lectura obrigatoria unha novela de temática musical, lectura que será avaliable ao longo do curso, de maneira que se incluirán preguntas nos exames de cada avaliación sobre o libro traballado. Nalgunhas sesións ou en parte delas faranse lecturas en alto ou individualmente dalgúns fragmentos ou capítulos. Cómpre que cada alumno-a teña o seu exemplar para traelo eses días de lectura grupal-individual. Eses días de lectura en clase faranse previo aviso e con antelación suficiente, de maneira que o alumno que non asista a clase co seu exemplar será valorado negativamente segundo o especificado nos Criterios de Cualificación e Avaliación). O libro escollido para 2º da ESO será:
“El síndrome Mozart” de Gonzalo Moure.

Tamén se traballará coas **novas tecnoloxías:** desde o proxecto Edixgal e cos portátiles do alumnado empregaremos editores de partituras, programas de aprendizaxe musical, diverso software... Empregarase internet como espazo de debate (creación de *blogues*) e de fonte de informacións. Tamén empregaremos a Aula Virtual do noso IES e Classroom (GSuite), onde os alumnos-as explotarán as posibilidades que nos ofrece a **Web 2.0**. O fomento das TIC nesta materia será bastante profundo, na procura de acadar que o alumnado remate o curso cun coñecemento

adecuado destas novas tecnoloxías.

# X. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. programa de reforzo e recuperación

**A-Recuperación ao longo do curso:**

O alumnado que non sexa quen de acadar o aprobado en cada unha das avaliacións, terá a opción de repasar os contidos que non fora quen de asimilar adecuadamente. Deste xeito, en función dos esforzos realizados polo alumno durante estes repasos, poderá optar a facer unha proba de recuperación da avaliación que teña suspensa. O alumno que amose interese por recuperar a avaliación (entregando os exercicios, acudindo ás sesións extraordinarias que o profesor poida propoñer nos recreos...) optará a esa proba, quedando definitivamente, a efectos da nota final do curso, coa nova nota que consiga acadar, que nunca será inferior á da obtida no trimestre ordinario. Estes repasos consistirán en exercicios que o profesor irá propoñendo a eses alumnos coa avaliación suspensa. Daquela:

- <u>Como se recupera unha proba non superada?</u> O alumno-a que non consiga un mínimo (4.5) nunha das probas onde se avalíe algún dos estándares terá a posibilidade de volver a avaliarse deses contidos non superados na seguinte proba que se leve a cabo. Nesa proba ese alumnado terá unhas preguntas extras para avaliar de novo os estándares nos que non acadara o mínimo. É dicir, aproveitarase a seguinte proba escrita que se realice sobre o último estándar traballado para volver a avaliar o estándar non superado
- <u>Como se recupera unha avaliación non superada</u>? O alumnado que non sexa quen de acadar o aprobado en cada unha das avaliacións, terá a opción de repasar os contidos que non fora quen de asimilar. Deste xeito, en función dos esforzos realizados polo alumno durante estes repasos poderá optar a facer unha proba de recuperación da avaliación que teña suspensa. O alumno que amose interese por recuperar a avaliación (entregando os exercicios, acudindo ás sesións extraordinarias que o profesor poida propoñer nos recreos...) optará a esa proba, quedando definitivamente, a efectos da nota final do curso, coa nova nota que consiga acadar, que nunca será inferior á da obtida no trimestre ordinario. Estes repasos consistirán en exercicios que o profesor irá propoñendo a eses alumnos coa avaliación suspensa

**B- Plan de reforzo para materias pendentes de superación**

**Aínda que o alumnado que curse 2º da ESO non pode ter a Música como materia**

**pendente, queda constancia aquí do plan de pendentes que se segue en cursos superiores da ESO:**

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, de avaliación na primaria, ESO e bacharelato, establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Para dar cumprimento á Orde no relativo a ese Plan de reforzo, o centro, dentro da liña 01 QUÉDA-T, dos contratos-programa INCLÚE, vén desenvolvendo nos últimos anos un proxecto denominado “Plan de atención a pendentes”, cuxos obxectivos son os seguintes:

1. Reducir os niveis de fracaso e abandono escolar prematuro provocados pola acumulación de materias pendentes.
2. Atender de xeito máis individualizado e adecuado o alumnado con materias pendentes, tratando de activar a súa motivación e o seu nivel de responsabilidade no propio proceso de aprendizaxe, ademais de axudalos a superar as súas dificultades para aprender, incidindo especialmente na adquisición de competencias básicas.
3. Impulsar o emprego de adaptacións, innovacións e recursos metodolóxicos que se axusten ás necesidades educativas deste alumnado en risco de abandono.
4. Impulsar o uso das plataformas de ensino virtual e o correo corporativo de centro entre o alumnado do plan, non só co obxectivo xeral de centro de promoción das novas tecnoloxías e da alfabetización dixital, senón tamén como medida para encarar baixas de alumnado, peche de aulas ou incluso de centro que poida carrexar a situación de pandemia que condiciona este curso.
5. Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe e integración dos seus fillos e fillas no sistema educativo.

Durante o proceso de implantación deste Plan de atención a pendentes, a comisión de coordinación pedagóxica do centro aprobou os seguintes instrumentos e criterios de avaliación de pendentes, comúns a todos os departamentos didácticos:

## INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PENDENTES

**a) Instrumentos de avaliación**

1 Tarefas semanais

- A xestión da entrega, recollida, corrección e avaliación das tarefas farase a través de Classroom:
    1. Os departamentos implicados entregarán as tarefas á coordinadora antes da data marcada no calendario.
    2. A coordinadora subirá as tarefas a Classroom e encargarase de que os alumnos accedan a elas.
    3. Os departamentos accederán a Classroom a partir da data límite de devolución das tarefas para corrixilas e avalialas dentro do prazo sinalado no calendario.
    4. A partir desta data, o alumnado accederá á aula virtual para coñecer a corrección e avaliación da súa tarefa.
- O total de **entregas previstas para todo o curso é de 12**, seguindo o calendario fixado.
- Déixanse libres as semanas de exames das avaliacións ordinarias e mais as de exames específicos de pendentes de xaneiro.
- Para facilitar a coordinación e o seguimento do alumnado, as xefaturas de departamento recibirán un calendario de entregas.
- Correccións: o profesorado corrixirá as tarefas na plataforma Classroom antes das datas fixadas no calendario.

2 Exame/s

- Cada departamento indicará claramente se vai realizar dous exames (**xaneiro e abril**) ou só o oficial (obrigatorio) de abril.
- Os departamentos deberán:
    **1)** Explicar con claridade os contidos de cada exame (en consonancia coas tarefas que se vaian realizando).
    **2)** Establecer con claridade como computa cada exame na cualificación final.
    - Comprobar que o **alumnado entregou como mínimo 4 tarefas das 6 propostas antes de cada un dos exames ou 8 de 12 no caso dos departamentos que só fagan un exame.** Se non cumpriu con este requisito mínimo, perdería o dereito a esta proba.

- **Cando un alumno/a acade unha nota menor que 5 na cualificación global do plan de reforzo, terá dereito a realizar unha proba final na que se examinará de toda a materia. Neste caso, o exame da materia de Música versará sobre os contidos traballados nas tarefas entregadas ao longo do curso tendo dúas partes avaliables e ponderadas do seguinte xeito:**
    1. **Preguntas baseadas nas tarefas entregadas durante o curso (60%)**
    2. **Interpretación de dúas pezas, a escoller polo alumno-a, das propostas durante o curso nas tarefas do Plan. (40%= 20%+20%)**

       **<u>Nota importante</u>: para aprobar con esta proba final o alumno-a non pode obter en ningunha das dúas partes unha nota inferior a 3.25**

- **En calquera caso, os exames axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.**

**b) Criterios de cualificación do plan de reforzo:**

1 <u>Tarefas</u>: **50% da cualificación global**.

2 <u>Exame/s parciais</u>: **50% da cualificación global**. Cada un dos departamentos que realice dous exames debe especificar o seu sistema de cómputo dentro deste 50%. **Nota mínima do exame necesaria para poder facer media coa nota das tarefas:3.25.**

**c) Criterios de cualificación da proba final:**

- Para o alumnado que **presente un mínimo de oito tarefas** das 12 propostas, **os criterios de cualificación serán os mesmos** que rexen para os exames parciais.
- Para o alumnado que **NON** presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, **a nota do exame será o 100% da cualificación global**.

**d) Cualificación na avaliación final:**

A nota na avaliación final será a máis alta de entre estas dúas:

- A cualificación global do plan de reforzo
- A cualificación da proba final.

Todas as actividades propostas serán corrixidas e entregadas ao alumno, servíndolle de orientación cara os exames.

Os contidos mínimos que se lle esixirán aos alumnos con materias pendentes serán os mesmos que se lle esixiron no curso en que non conseguiu superar a materia.

A súa vez contará positivamente o interese amosado polo alumno ao longo do curso (consultas ao profesor, solicitude de material bibliográfico, uso da biblioteca como medio de consulta e de información musical...).

**C-Probas Extraordinarias durante o período de reforzo final:**

**Avaliación Extraordinaria en xuño**

O alumnado que non acade na Avaliación ordinaria final a media de 4'5 terá a posibilidade de presentarse ás probas que se acorden para mellorar a súa cualificación nos apartados, contidos, estándares, probas... non superados ou nos que obtivese unha cualificación insatisfactoria. Esas probas terán lugar ao longo das últimas dúas semanas de curso.

A Avaliación Ordinaria celebrarase na primeira semana de xuño, e os días que medien ata os probas extraordinarias adicaranse a ampliar, reforzar, repasar... os contidos traballados ao longo dos tres trimestres non superados por cada un dos alumnos-as, ou (no caso do alumnado que xa teña aprobada a materia na Avaliación Ordinaria) nos que o alumno-a desexe mellorar a súa cualificación. Os contidos e estándares desa proba serán os traballados e avaliados ao longo do curso, e o alumno-a avaliado-a novamente nunca obterá como resultado deste proceso de reforzo unha nota inferior á acadada no seu momento.

O alumnado que teña xa aprobada a Avaliación Ordinaria poderá optar a reforzar os contidos nos que considere que non acadou no seu momento unha cualificación de todo satisfactoria. Ao igual co resto do alumnado que faga as probas de reforzo e recuperación será novamente avaliado cos mesmos instrumentos (probas escritas, traballos, probas orais, probas prácticas, interpretacións en directo ou gravadas, etc). Igualmente este alumnado non sairá prexudicado nunca na nova nota que acade, é dicir, só poderá obter unha nota igual ou superior á obtida con anterioridade.

Coas novas notas e cualificacións obtidas neste proceso procederase a recalcular as medias de cada avaliación afectada. Neste proceso seguiranse a ter en conta os criterios de cualificación de cada

unha das avaliacións que están especificados con anterioridade (non acadar 0 nalgunha das partes, non ter máis dunha parte por debaixo do 3.5, etc). Consecuentemente refaranse as medias de cada avaliación e da Avaliación Final seguindo as mesmas porcentaxes de ponderación xa sinaladas máis arriba.

## XI. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Co comezo do curso faremos unha avaliación de coñecementos de linguaxe musical e dos contidos mínimos propios dun nivel de primaria. Avaliaremos o nivel de competencias básicas do alumnado, prestando especial atención aos posibles alumnos-as que poidan precisar reforzos iniciais ou adaptacións curriculares. Neste sentido traballaremos en colaboración co departamento de Orientación. As probas nunca computarán na cualificación que poida obter o alumnado. A tipoloxía desa avaliación será semellante á da proba extraordinaria de setembro. Farase tamén unha proba de lecto-escritura musical.

Nesta avaliación inicial axustaranse, se fora necesario, tanto os contidos articulados nesta programación, como os criterios de avaliación.

Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará? A realización da proba levarase a cabo na primeira semana de curso

En que consistirá? Realizarase unha proba tipo test cunha soa resposta verdadeira xunto cunha serie de exercicios de linguaxe musical básicos. A proba tratará contidos e estándares traballados na primaria

Como se informará á familia? Informarase ao titor-a dos resultados desta proba no caso do alumnado que estea nun nivel demasiado baixo. Na avaliación inicial informarase ao titor-a daqueles alumnos-as nos que se observe un baixo nivel de competencias

Cales serán as consecuencias dos resultados? Nesta avaliación inicial axustaranse, se fora necesario, tanto os contidos articulados nesta programación, como os criterios de avaliación. Procederase a aumentar o número de sesións adicadas ao repaso da linguaxe

musical e dos contidos básicos de primaria no caso de observar dificultades en determinados estándares e contidos traballados en cursos inferiores.

## XII. Medidas de atención á diversidade.

A atención á diversidade é un principio fundamental do actual modelo educativo. Este principio demanda unha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar e lle dea unha resposta axeitada. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidades, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. No conxunto dos alumnos que cursan a materia de música en 2º e 3º da ESO establécese a posibilidade de facer adaptacións curriculares segundo os resultados da Avaliación Inicial. Teranse en conta os informes do equipo de orientación e as medidas de reforzo que tiveran en cursos pasados algún destes alumnos que poidan necesitar medidas significativas de atención á diversidade. Por outra parte temos a posibilidade da formación de grupos de PMAR -programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento-. Ese alumnado, de existir PMAR, nas sesións de música mesturaríase co seu grupo de referencia, co cal habería que prestar especial atención a súa integración e progreso académico.

### Medidas de atención á diversidade no presente curso

Desdobramento de grupos: neste ano académico temos 2 grupos en 2º da ESO que se mesturarán en Música e Educación Física por mor da Sección Bilingüe. Daquela, en Música temos dous grupos por curso, agrupados en función da sección bilingüe (Educación Fsica).

En 3º da ESO haberá tamén dous grupos, pero na hora de Música separaranse formando un grupo bilingüe e os restantes alumnos formarán outro grupo.

Contrato-Programa de Atención de Pendentes: este ano académico non se articulará este programa adicado a evitar o abandono escolar por acumulación de materias pendentes de

cursos anteriores.

Por outra parte, o alumnado con materias de 1º ESO que curse este ano 2º ESO ten que presentar as tarefas que se explican xa no punto X desta programación no seu apartado B. Nese punto explícase con detalle o seguimento e avaliación dese alumnado. Na materia de Música non se pode dar ningún alumno-a nesta situación por non cursarse Música en 1º de ESO.

Reforzo e/ou apoio fóra da aula: todo o alumnado será adecuadamente informado de que ten a posibilidade de acudir nos recreos que o profesor teña dispoñibles para resolver dúbidas ou para recibir o apoio que consideremos fundamental para o seu progreso.

Adaptación Curricular na materia: este ano non partimos con alumnado que precise, polo momento, dunha adaptación curricular. Estaremos pendentes da evolución dese alumnado na área de Música para tomar as medidas oportunas ao longo do primeiro trimestre. Esperaremos á avaliación inicial para poder profundar en cada un dos alumnos-as .

## XIII. Programación de temas transversais

O conxunto dos temas transversais pódense agrupar en tres piares fundamentais da nosa sociedade: a liberdade, a igualdade e a non violencia

Os temas transversais no currículo son aqueles contidos que teñen unha compoñente esencialmente actitudinal, debendo formar parte das actividades propostas en todas as áreas. Seguindo a Lucini (1994)[1] a súa incorporación supón formalizar unha educación en valores e actitudes non de forma esporádica senón constante ao longo de cada curso. Cómpre ser conscientes que os valores non se poden impoñer de xeito autoritaria, senón que son un cúmulo de actitudes autoimpostas pola propia vontade.

1 LUCINI, F.G. (1994). Temas transversales y educación en valores. Anaya. Madrid

Como temas transversais fundamentais podemos sinalar:

Educación ambiental: na área de música fomentaremos a reflexión sobre o enorme problema de contaminación acústica que está a padecer a nosa sociedade, xerando uns problemas de convivencia e saúde cada vez máis preocupantes.

Educación para a paz: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social, son conceptos e obxectivos a acadar nos distintos niveis de ensino secundario. A música é unha arte que nos permite poñer en contacto a persoas de todo tipo e condición, provocando unha comuñón entre seres humanos que é difícil de experimentar dende outros planos artísticos ou creativos. A interpretación grupal, os conxuntos corais, a fenómeno da escoita, etc., son unha maneira de compartir experiencias que chegan ao máis profundo do noso ser, pero que á vez nos poñen en contacto co resto dos humanos, independentemente da súa relixión, sexo ou condición social.

Educación do consumidor: aproveitaremos os contidos do consumo do fenómeno musical, da cultura de masas e dos *mass media* para incidir nos aspectos negativos que o consumo pode chegar a producir nas persoas e nas sociedades.

Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos: no campo musical aproveitaremos os xogos que se propoñan segundo a metodoloxía Kodaly; Bapne..., para formar grupos mixtos onde o sexo non sexa relevante. Aproveitaremos esta disciplina para amosar como tanto homes como mulleres teñen as mesmas capacidades nesta arte.

Educación para a saúde: incidiremos na importancia que ten o correcto uso da voz, e aprenderémoslles ao alumnos a manexar de xeito adecuado a súa propia voz, coñecendo as súas posibilidades e as súas limitacións. Ao longo de todos os niveis non deixaremos de sinalar como a voz é susceptible de verse enormemente prexudicada por axentes nocivos como o tabaco, o alcohol, os ambientes contaminados, cargados... Tamén fortaleceremos esta educación ao tratar o tema da contaminación acústica, deixando ben claro os efectos prexudiciais que esta contaminación provoca na saúde das persoas que a padecen.

Educación cívica e moral: a dimensión moral promove o xuízo ético acorde cuns valores democráticos, solidarios e participativos, e a cívica incide sobre estes mesmos valores no ámbito da

vida diaria.

Cultura galega: fomentaremos a nosa cultura musical como maneira propia de expresión artística e socio-antropolóxico do noso pobo.

O profesor fomentará a transmisión de valores no día a día (currículo oculto) de distintas maneiras:

- Non realizando descualificacións totais a un traballo
- Valorando os diversos logros dos alumnos por pequenos que sexan
- Destacar e comentar as condutas tolerantes e flexibles
- Ante fallos, erros ou deficiencias suxerir inmediatamente posibilidades de superación
- Valorar os esforzos empregados na realización dunha tarefa
- Eloxiar a independencia de criterio e a capacidade de ser consecuentes
- Organizar a clase segundo unha normas de convivencia previamente negociadas. Unha vez concordada unha norma, esixir cumprila
- Ante un conflito, formar unha comisión de alumnos que o estude e aporte solucións
- Propiciar a igualdade actuando da mesma forma en situacións similares
- Ser quen de pedir desculpas e rectificar ante os erros
- Dedicar xornadas a glosar vidas de persoas que contribuíran á mellora da humanidade
- Potenciar o diálogo e a autoestima para resistir ás presións externas

## XIV. Actividades extraescolares e complementarias

Ao longo do curso valoramos de partida a posibilidade de levar algunha actividade de interese para o alumnado sempre que sexa compatible coas circunstancias sanitarias do momento.

Estas actividades coordinaranse con outros departamentos, aproveitando así a saída para facer outras actividades e amortizar o desprazamento. Así, na medida do tempo dispoñible, aproveitaríase a viaxe para facer algunha visita didáctica guiada a algún museo ou centro cultural-artístico da localidade na que se desenvolva a actividade.

Para poder participar nestas actividades extraescolares o alumnado deberá pagar os prezos do desprazamento en autobús, sen prexuízo das axudas que se poidan establecer por parte do centro

para a financiamento destas viaxes. Ademais, o alumnado que teña acumulado amoestacións disciplinarias polo seu mal comportamento no centro (tanto en períodos lectivos como noutros momentos da xornada no centro) non poderá asistir a estas actividades.

As actividades programadas a día de hoxe son:

1. Concertos didácticos no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela): febreiro/marzo 2023. Actividade para o alumnado de Música de 2º e 3º ESO.
2. Visita á Colección de instrumentos musicais do *Centrad* (Centro de Artesanía e Deseño) en Lugo. 2º ESO (3º trimestre)

   Engadimos tamén aquí as actividades que promove este Seminario xunto ao de Tecnoloxía que se engloban dentro do Contrato Programa EduInnova na liña de EduSostibilidade:

1. Roteiro polos Sobreirais do Arnego (2ª Avaliación): horario de media mañá á tarde (mércores)
2. Saída co alumnado de 3º, 4º ESO e 2º FP Básica para proceder a limpeza dun punto de interese natural (por concretar)

<u>As actividades complementarias</u> que levará a cabo este seminario serán as seguintes:

*Nota Covid19: todas estas actividades quedan supeditadas as disposicións sanitarias que establezan as autoridades competentes.*

Preparación dos festivais que terán lugar no auditorio do concello a finais de cada trimestre. Colaboración entre este seminario e outros departamentos.

Colaboración coa Biblioteca nas actividades de celebración de días sinalados no calendario escolar (Día dos Dereitos Humanos, día da Paz, día do libro, da muller traballadora, etc). Do mesmo modo, este departamento colaborará coa Biblioteca nos concursos que se celebren. Tamén se colaborará, co material da aula de Música, na realización de posibles gravacións para diferentes proxectos, tanto do noso Centro como da Biblioteca ou outros departamentos.

Este Departamento, xunto ao de TIC, dentro da liña de Sostibilidade dos CP de EduInnova, levará a cabo actividades (charlas, obradoiros,...) sobre a Sostibilidade e a Reciclaxe... Isto farémolo nos cursos de FP Básica, 3º e 4º ESO en coordinación co Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos.

## XV. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. avaliación da programación

Esta programación será obxecto continuo de avaliación. Terase en conta o nivel dos alumnos para ir facendo as adaptacións pertinentes. Analizarase ao longo do curso se os materiais e recursos dos que dispón a aula e o centro son os adecuados, e se a disponibilidade dos mesmos é a desexable para acadar os obxectivos e tratar os contidos que nela quedan reflectidos.

As problemáticas, os cambios ou desaxustes que vaian xurdindo iranse recollendo no libro de actas e finalmente na Memoria anual do curso.

## - Avaliación da programación didáctica

### 1.- Mecanismo revisión

Periodicidade de revisión e medidas que se adoptarán en caso de desfase

Os posibles desaxustes que se vaian detectando no desenvolvemento da programación iranse recollendo no libro de actas. Intentaranse axustar os tempos cando a desviación sexa por causas externas ao proceso do ensino-aprendizaxe (folgas, sesións perdidas por actividades extraescolares e complementarias...). Ao final de cada trimestre farase unha valoración parcial da programación e se procederá a analizar as causas das posibles desviacións. En funcións destas causas adoptaranse as medidas oportunas que se pasarán a recoller no libro de actas para ao rematar do curso deixar constancia na Memoria final.

| **2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica** | ESCALA | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

# XVI. Información ao alumnado

Os aspectos esenciais deste programación serán dados a coñecer ao alumnado ao principio do curso. No taboleiro de anuncios do centro e/ou na páxina web do instituto quedarán expostos de maneira pública e pormenorizada os Criterios de Avaliación e de Cualificación e os Mínimos Esixibles. Do mesmo xeito, na páxina web do centro poderase consultar e descargar a Programación completa deste Seminario.

O alumnado será informado pertinentemente das actividades extraescolares e complementarias que se vaian levar a cabo. Ademais dos criterios de avaliación e cualificación, o alumnado sempre será informado da tipoloxía das probas escritas que teña que realizar.

Informarase ao alumnado das horas de dispoñibilidade de atención a pais e de calquera outro pormenor. Na medida do posible o profesor deste Seminario estará sempre a disposición do alumnado e dos pais para resolver todo tipo de dúbidas. Os pais que o consideren oportuno dispoñen da aplicación “Abalar móbil” para poder estar en contacto e informado da evolución do seu fillo-a.

A través da Aula Virtual e de Classroom (Gsuite) tamén se proporcionará información ao alumnado que estea inscrito nos cursos. Eses cursos e a súa operativa serán oportunamente explicados aos participantes.

O profesor poderá comunicarse de xeito non oficial co alumnado vía correo electrónico. Este medio de comunicación deixarase claro ao principio do curso que non é un medio de comunicación oficial, co cal o profesor non ten obriga algunha de responder ao alumnado mediante esta vía. O profesor tampouco poderá datar exames, probas... por esta vía, aínda que si pode empregar este medio para facer recordatorios, ou avisos que non se poidan xa facer por outro medio, avisos que nunca poderán ser en prexuízo do alumnado (por ex.: non se poderá avisar por esta vía do adianto dunha proba)

# XVII. Adaptación da Programación polo Covid19

Nota: este apartado, aínda que tiña sentido nos cursos pasados pola situación de Pandemia vivida, neste curso deixa de ter aplicación nun principio. Non obstante, trala experiencia vivida e pola incertidume do que poida acontecer, procedemos a sinalar as medidas que que se adoptaron no pasado nesta Programación para adaptarnos ás circunstancias derivadas do Covid:

Para comezar o curso, en previsión de posibles novos confinamentos ou semipresencialidade (corentenas), e co fin de reforzar as competencias dixitais do alumnado, adicaremos as primeiras sesións a explicar, guiar e practicar cos cursos das plataformas educativas virtuais que se empregarán tanto ao longo da presencialidade como nos supostos casos de semipresencialidade ou de confinamento. As referidas plataformas serán: Aula Virtual do IES e as ferramentas dixitais que pon a nosa disposición a Consellería, ademais de *Classroom*. Con este fin faremos algunhas actividades dos cursos nos seus portátiles, á vez que se lle encomendará ao alumnado a realización de tarefas de xeito virtual por medio desas plataformas desde o seu fogar. Deste maneira iranse comentando e buscando solucións aos posibles atrancos e dúbidas que poidan ir xurdindo, todo co obxectivo principal de que os e as estudantes sexan quen de se desenvolver sen maiores dificultades de xeito completamente autónomo. O obxectivo será que se familiaricen cos contornos das plataformas, que aprendan a interactuar e navegar nos cursos, a manexar ficheiros (de son, vídeo, texto...), a intervir nos *chats* e nos foros, a entregar adecuadamente as tarefas, a respectar as datas sinaladas para esas tarefas, etc.

Temos que sinalar que este alumnado de 2º ao igual que o do 3º de ESO xa está familiarizado en maior ou menor medida (en función do seu nivel de traballo durante o curso pasado) coa plataforma Moodle da nosa Aula Virtual e con Classroom.

Nas primeiras sesións do curso sondarase ao alumnado para coñecer as dispoñibilidades de conexión á rede e doutros aparatos tecnolóxicos, ademais do equipo EdixGal, que ten a súa disposición para poder seguir o ensino virtual. Nesa mesma sondaxe, feita a nivel do noso Departamento, se lle preguntará tamén sobre as dificultades atopadas para desenvolver e seguir a aprendizaxe a través da rede.

Tanto na Aula Virtual como en Classroom empregaremos as contas de correo corporativas das que dispón todo o alumnado co dominio @iesmarcodocamballon.com

Unha vez que o alumnado teña un competente manexo nas plataformas virtuais comentadas e das ferramentas dixitais requeridas na Aula de Música, procederiamos, no caso de novo confinamento ou semipresencialidade, a facer unha transición xa moito máis suave que a acontecida no terceiro trimestre do ano 2020..

**Semipresencialidade ou Corentenas:**

- Ante as **corentenas** de alumnado procederemos a contactar de xeito individual para continuar, sempre que as súas circunstancias o permitan, o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Empregaremos a conta de correo corporativo e as plataformas de educación virtual sinaladas no punto anterior.

- **Semipresencialidade**: chegado este caso, o alumnado que quedase na casa tería que seguir o curso de xeito virtual a través das plataformas comentadas máis arriba, xa sexa a través das tarefas establecidas para tal propósito, ou xa sexa seguindo a clase de modo *online* cando os contidos a traballar sexan máis adecuados e pertinentes para tal entorno.

**Confinamento:**

- **Tarefas do alumnado**: chegado o caso, as tarefas virtuais, seguindo o plan de continxencia aprobado polo claustro, entregaríanse ao principio da semana para que todo o alumnado se poida organizar ao longo da mesma.
- **As horas de clase,** na medida do posible, pasarán a impartirse de xeito virtual a través de *Classroom* vía *Meet*.

- **Avaliación e cualificación**: As tarefas serán corrixidas e avaliadas de maneira individualizada. Todas serán cualificadas entre 0 e 10 puntos, deixando xa claro desde o principio que as non entregadas en prazo, e sempre que non haxa un motivo de forza maior, serán computadas cun 0. No momento no que se chegara a producir o confinamento procederiamos a establecer as porcentaxes de avaliación oportunas para cada unha das partes desenvolvidas no trimestre, tanto as presenciais como as virtuais. A cualificación do trimestre no que houbera confinamento ou calquera semipresencialidade será o resultado de aplicar as porcentaxes de avaliación de cada un dos estándares traballados.

- **Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe:** estableceranse canles de

comunicación co titor-a de cada alumno-a, coa xefatura de estudos e o Departamento de Orientación para coñecer a evolución e desenvolvemento académico de cada alumno-a no caso dun novo confinamento. Prestarase especial atención aos casos onde se detecte nula ou baixa actividade académica: non conectarse as clases, non entregar as tarefas, non participar nos foros ou chats....

## Estándares a traballar en caso de confinamento[2]:

Os estándares sinalados como “Non imprescindibles” non se chegarían a traballar nin avaliar no caso de confinamento

| | |
|---|---|
| ▪ BLOQUE 1- Interpretación e Creación | |
| ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | |
| ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | |
| ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | |
| ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | |
| ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | |
| ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | Non imprescindible |
| ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | |
| ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | |
| ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | |
| ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | |
| ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | |
| ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | Non imprescindible |
| ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | |
| ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | |
| ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | |
| ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | |

2 Eses estándares traballaranse en menor ou maior medida dependendo da altura do curso no que chegara a acontecer ese confinamento, pois pode ser que xa foran tratados no ensino presencial previo a ese hipotético confinamento.

| | |
|---|---|
| ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | |
| ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | Non imprescindible |

| BLOQUE II- Escoita<br>Todos imprescindibles e susceptibles de traballar no confinamento |
|---|
| ▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. |
| ▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. |
| ▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. |
| ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. |
| ▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. |
| ▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. |
| ▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. |
| ▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. |
| ▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. |

## Bloque III- Contextos Musicais e Culturais

| | |
|---|---|
| ▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | Non imprescindible |
| ▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | |
| ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | |
| ▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | |
| ▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | |
| ▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | |
| ▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | |
| ▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | |
| ▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | |
| ▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | |
| ▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | |

## Bloque IV- Música e tecnoloxías

| | |
|---|---|
| ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | |
| ▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | |
| ▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | Non Imprescindible |

## XVIII. Lexislación vixente

- ✔ Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ✔ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✔ Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ✔ Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✔ Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

En Vila de Cruces, setembro de 2022.



O Xefe de Departamento: Rubén Noguerol Gómez